

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO MEMORIA ANUAL 2002

1. INTRODUCCIÓN

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

2.1. OBXECTIVOS

2.2. METODOLOXÍA

2.3. FINANCIAMENTO

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

3.2. RECADACIÓN

3.3. COOPERACIÓN

4. VOLUNTARIADO

5. XESTIÓN

6. FINANCIAMENTO

7. CONCLUSIÓN

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

MEMORIA ANUAL 2002

1. INTRODUCCIÓN

O ano 2002 significou para **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** unha consolidación máis profunda da súa presenza tanto en Galicia como na India. A implicación de moitas persoas nos dous países fai posible que hoxe poidamos presentar unha nova memoria anual da organización.

Este ano novamente IND tentou levar adiante os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades desfavorecidas da India e coa solidariedade en xeral. Así, dende as actividades de recadación de fondos para financiar os nosos proxectos, ata a colaboración en campañas conxuntas con outras organizacións, IND foi crecendo no seu traballo de solidariedade.

De especial importancia consideramos dende IND a consolidación dun grupo estable de voluntarias que fai posible un traballo máis permanente e comprometido, o crecemento dese grupo de persoas e a consolidación tamén de IND na India coa creación de IND-INDIA, organización irmá que dará continuidade ó traballo de IND no país.

Mesmo se quedan aínda moitos campos de mellora, podemos dicir sen dúbida que o ano 2002 marcou un cambio considerable no ritmo de traballo de IND e no seu maior afondamento no cambio tanto da nosa sociedade galega como na India.

Nestes momentos nos que a catástrofe do Prestige azouta Galicia dunha maneira irreversible, os tambores da guerra soan sen cesar e a crise de xustiza repercute con cara negra nas nosas vidas os esforzos de futuro de tódalas persoas que colaboran con IND se fan cada vez máis relevantes. Un ano máis o noso máis fondo agradecemento a tódalas persoas e institucións que cren cada día polos seus actos nun mundo máis xusto e solidario.

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, **IND** conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

2.1. OBXECTIVOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

2.2. METODOLOXÍA

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) ten unha forma de traballar clara para cumprir-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria gracias ós seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

- IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promociona, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.
- IND promociona en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONG ante a sociedade civil e gobernamental.

2.3. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) contaba ata o de agora con dúas únicas fontes de financiamento: as/os socias/os e as actividades organizadas para recadación de fondos, que este ano viñeron a ampliarse con fondos da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e o Concello de Vigo destinados á sensibilización e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todo o diñeiro recadado **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** utiliza só un 5% para gastos administrativos.

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma individual cada unha das actividades levadas a cabo.

Quincena da Paz

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) participou no Foro de ONG, actividade incluída na Quincena da Paz que como cada ano organiza o Concello de Santiago e que este ano cadrou entre o 13 e o 27 de xaneiro de 2002. IND montou o seu expositor o día do Foro de ONG —o 27 de xaneiro— de 10.30 a 20.00 baixo a carpa situada na Praza Roxa.

Na mesa o público puido comprar diferentes produtos como camisetas, cadernos e postais e tamén recibiu información sobre a nosa ONG e as nosas actividades. Cabe salientala presentación da páxina web da organización. O enderezo www.implicadas.org púxose en coñecemento do público asistente.

Baixo unha mesma carpa, IND uniuse en nome da paz ós demais expositores solidarios que ese día compuxeron a feira de ONG.

Actividades asociacións veciñais:

Coa intención de mellorar os contactos con outras plataformas cidadás, así como aumentar a presenza social de IND a través de actividades diversas de sensibilización levamos a cabo unha actividade coas asociacións veciñais viguesas.

Esta é unha actividade, ou máis ben conxunto de actividades que xa comezou no ano 2001 e que continuou no 2002. As asociacións veciñais coas que se traballou foron **As Nosas Rúas** da Travesía de Vigo (novembro-décembro de 2001) e **O Carballo** de Sárdoma (xaneiro-febreiro 2002). O programa contou co financiamento de Participación Cidadá e fontes de financiamento propias.

Un dos obxectivos fundamentais da actividade era dar a coñecer o labor de IND e ampliar a súa base social. En Sárdoma en concreto, montamos a exposición de fotos que representan a nosa actividade na India e ofrecemos un relatorio a cargo da presidenta da organización, María Reimóndez, para o curso de alfabetización de mulleres.

Con esta actividade queríamos dar a coñece-la actividade de IND por medio da representación gráfica da situación social na India.

A exposición trasladouse e montouse coa colaboración de cinco sociais, e estivo aberta ó público ó longo de un mes e concluíu cunha conferencia de presentación de IND á que asistiron unhas 20 mulleres do curso de alfabetización.

Pretendíamos que as e os asistentes á exposición e á conferencia coñeceran IND e se sentiran dispostos a participar no cursiño de IND, que non se chegou a realizar por problemas de compatibilidade horaria coas propias actividades da asociación.

Relacións coa prensa

Este ano IND apareceu na prensa con motivo das diversas actividades que foi realizando ó longo do ano. De especial relevancia foi a cobertura dos medios do Ciclo de actividades denominado Noites Solidarias e do que se dá conta a continuación. Ademais, IND apareceu tamén en varios artigos do Correo Galego e a presidenta da IND, María Reimóndez Meilán, publicou un artigo na Nosa Terra sobre a solidariedade e a catástrofe do Prestige.

Noites solidarias

A serie de actividades máis ambiciosa organizada por IND no presente ano foi o ciclo Noites Solidarias. As Noites solidarias deseñáronse para sensibilizar á poboación en xeral e en particular á mocidade sobre a pobreza, as súas causas e solucións, achegar dunha maneira lúdica a realidade das comunidades coas que traballa IND á mocidade viguesa

Desenvolvéronse na Sala Nashville, situada na rúa Carral 3 de Vigo os días 28 de setembro, 4 e 13 de outubro e variaron con respecto á planificación presentada debido á imposibilidade de colaboración co grupo de teatro Tranhallada por compromisos de último momento. A exposición Billete á India tampouco se puido instalar debido a limitacións do local.

Concerto de música folk

Como primeira actividade do ciclo Noites Solidarias, IND organizou un concerto de música tradicional galega, coa colaboración do grupo Dovela. O concerto tivo lugar na Sala Nashville, na rúa Carral, en Vigo, o sábado 28 de setembro, ás 9 da noite.

Durante os días previos á celebración do acto en si, realizouse unha pega de carteis polos locais (bares e pubs) e centros culturais, educativos e sociais (casa da xuventude, universidade, escola de idiomas, etc). Tamén se distribuíron tarxetas nas que se anunciaba o concerto en todos estes lugares.

Durante o concerto, colocouse unha mesa para a venda con fins recadatorios de obxectos realizados polas voluntarias de IND e un peto para donativos e se entregaron trípticos informativos a tódalas persoas que asistiron.

A asistencia de público non foi moi elevada (unhas 20 persoas), pero o grupo Dovela ofreceuse a colaborar con IND en futuras ocasións.

Recital poético

A segunda actividade das Noites Solidarias consistiu na organización dun recital poético no que se reuniron uns 50 asistentes o día 4 de outubro na Sala Nashville ás oito do serán. A tal efecto, déronse cita poetisas e poetas galegas/os que por unha parte, leron composicións da súa autoría propia e pola outra, poemas de autoras e autores indias/os traducidas/os do inglés cara ó galego. Ademais da colaboración facilitada por parte das/os poetisas e poetas na lectura, IND contou coa traducción realizada previamente polas/os tradutoras e tradutores voluntarias/os, todas/os elas/es estudantes da Licenciatura de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo.

As voces femininas estiveron representadas por poetas galegas de alto prestixio como Xela Arias, Marta Dacosta e Chus Pato que estiveron acompañadas por Francisco Alonso, Daniel Landesa e Miguel Valverde, integrantes do grupo poético Arroutadas poéticas e Ricardo Martínez, un dos tradutores voluntarios.

A traducción correu a cargo de Ricardo Martínez, Gloria Piñeiro, Ana Rozados e Natalia Yáñez. Trátase tanto de estudantes coma de licenciadas/os en Traducción e Interpretación que se encargaron de transmitir en galego a palabra poética de Kamala Das, Shankha Ghosh, Arun Kolatkar, Jayanta Mahapatra, Rabindranath Tagore, S. Usha e Vimala — autoras e autores indios orixinais.

Entre o público fíxose un sorteo das edicións de poesía que as/os poetas teñen publicadas. IND conseguiu non só conciencia-las/os asistentes/es dos problemas da pobreza no Sur da India onde actúa, senón tamén da consecución dos proxectos de desenvolvemento que está a levar a cabo desde o ámbito galego.

Con este fin, IND proxectou unha presentación audiovisual que ía dando corpo ó recital na que se presentaban os proxectos e casos concretos de persoas que viven nas comunidades coas que traballa IND como argumento para todo o acto.

A asistencia ó acto foi de 50 persoas, o cal se pode avaliar dunha maneira moi positiva. Este evento foi publicitado por Radio Ecca na súa emisión do mércores 2 e igualmente na Radio Galega o mesmo día. O evento foi cuberto pola Voz de Galicia e anunciado neste xornal e no Faro de Vigo.

Obradoiro de henna

A terceira actividade das Noites Solidarias consistiu na organización dun obradoiro de henna. O obradoiro tivo lugar o domingo 13 de outubro a partir das nove da noite na Sala Nashville de Vigo e foi concibida para achega-la realidade das comunidades e do traballo de IND a través dunha práctica tradicional india como é a tatuaxe con henna.

O obradoiro comprendía a explicación práctica da técnica precisa para a realización das tatuaxes, a tatuaxe das persoas que o solicitaron e maila foto instantánea coa tatuaxe sobre a pel da persoa vestida cun sari, traxe típico da India.

A actividade durou unhas tres horas durante as que se procedeu á tatuaxe de dez persoas mentres que o outras tantas acolleron o obradoiro con grande aceptación e interese. Así mesmo, IND puido recadar algúns fondos gracias ó prezo simbólico do paquete de tatuaxe máis foto, que ascendeu a tres euros por persoa.

Sen dúbida a participación foi moi elevada nesta actividade. Por razóns obvias de tempo só puideron tatuarse dez persoas pero moitas máis se achegaron interesadas pola maneira de prepara-la henna. Tamén se achegaron persoas interesadas en aprende-la técnica de poñe-lo sari.

Sen dúbida a actividade das Noites Solidarias resultou un evento lúdico que conseguiu reuni-lo concepto da solidariedade e o coñecemento da/o outra/o coa música, a poesía e a arte. Despois dun arduo traballo por parte do voluntariado de IND as actividades resultaron un éxito que indica que en futuros anos poderán converterse nun ciclo permanente.

Este primeiro ano de organización das Noites Solidarias déixanos co bo recordo da dispoñibilidade de persoas e institucións ás cales queremos agradece-lo seu apoio de maneira expresa: ó grupo Dovela, ás e ós poetas do recital, ás e ós tradutores da Licenciatura de Traducción e Interpretación, ó local Nashville de Vigo e finalmente á Xunta de Galicia polo financiamento que proporcionou para poder desenvolver tódolos actos.

Mesa informativa na Facultade de Ciencias (Vigo)

Os días 27 e 28 de novembro IND colocou unha mesa na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo coa dobre finalidade de dar a coñece-la organización entre o estudiantado da devandita facultade e obter algún beneficio económico mediante a venda de camisetas e obxectos fabricados polas nosas voluntarias . O segundo día, ademais, planificouse unha obradoiro de tatuaxes de henna, no que as/os estudantes poderían aprender a nocións básicas de cómo facer unha tatuaxe con este material ou facer unha polo prezo de 3 €.

A recadación foi bastante boa, xa que se venderon moitos bolsos, camisetas e outros obxectos de artesanía. Ademais, conseguimos facer dúas/dous novas/os socias/os, o cal é unha importante preocupación de IND e un ámbito no que temos que mellorar.

No ámbito informativo tamén se conseguiu en grande medida o obxectivo desexado, xa que a proporción de xente que se interesaba pola nosa actividade ademais de comprar (ou en lugar de comprar) foi moi elevada. Dúas ou tres persoas mostraron interese por colaborar con IND coma voluntarias/os e levaron os datos de contacto da organización, pero por desgracia non chegaron a da-lo paso.

En canto ó obradoiro de henna, foron bastantes as persoas que se interesaron por el o primeiro día (xa que estaba anunciado cun cartel na mesa), pero curiosamente, o segundo día non se presentou ninguén.

Mesa redonda sobre xénero e desenvolvemento

IND participou o día 23 de setembro nunha mesa redonda no curso Xénero e desenvolvemento organizado na Facultade de Ciencias Políticas de Santiago. A intervención de IND espertou moito interese. IND compartiu mesa coa Coordinadora Galega de ONGD e coa Cruz Vermella.

Implicación na Coordinadora Galega de ONGD

IND apostou un ano máis pola implicación plena nas actividades da Coordinadora Galega de ONGD. Así, participou na elaboración do documento de debate sobre o futuro da Coordinadora que se debateu na Asemblea Xeral celebrada en Chantada o día 4 de maio e nos primeiros pasos da campaña 0,7 máis e mellor que comezou a finais deste ano a iniciativa da Coordinadora Estatal de ONGD.

Igualmente durante o 2002 voluntarias de IND colaboraron na tradución e elaboración de textos da coordinadora tales como ¿Que son as ONG? ou o artigo de Koldo Unceta distribuído pola nosa plataforma.

3.2. RECADACIÓN

Ó longo do presente ano tamén intentamos realizar un maior número de actividades no campo da recadación para poder contar con máis fondos propios que nos axuden a levar a cabo máis e máis complexos proxectos de cooperación na nosa zona de traballo. Os cartos recadados en todas estas actividades foron dedicados a financia-lo proxecto SIDHUR Anantapura.

Venda de materiais

Este ano realizáronse novas partidas de camisetas cos debuxos xa utilizados por IND anteriormente e que seguen representando unha fonte de ingresos constante para a organización. Igualmente IND vendou materiais realizados polas voluntarias tales como cadernos ou bolsos. Tódolos cartos recadados foron destinados ó proxecto SIDHUR Anantapurna.

Obra de teatro

O grupo de teatro Tranghallada, de Nigrán, colaborou, unha vez máis, con IND. Esta vez representaron, o día 25 de maio no auditorio do Concello de Vigo a obra de teatro negro *O Principiño*. Na porta do auditorio, puxéronse á venda artigos de promoción de IND: camisetas, postais, marcos, bolsos, etc.

Con esta nova actividade, reforzouse máis a colaboración entre o grupo Tranghallada e IND, mostrándolle ó público, adulto e infantil, unha obra de gran calidade ó mesmo tempo que se lles presentaba a ONGD e unha breve descrición das nosas actividades.

3.3. COOPERACIÓN

Durante este ano IND mantivo o seu traballo no proxecto SIDHUR Anantapura afianzando a súa presenza nas dez aldeas que integran o programa. As actividades deste ano recóllense nos informes periódicos da organización local REDS. Cómpre sinala-lo significativo aumento dos niveis de alfabetización, en especial entre as mulleres e mozas. A taxa de abandono escolar pasou dun 34 a un 10% na zona do proxecto. Igualmente notouse unha diminución da mortandade infantil gracias ás campañas de sensibilización e a atención a mulleres embarazadas. As campañas sanitarias centráronse precisamente en temas de hixiene e no coidado e atención xinecolóxica. No eido da organización comunitaria, nas dez aldeas do proxecto funcionan con éxito os grupos de mulleres, que comezaron e xestionan fondos rotatorios. Un dos grupos xa conseguiu un empréstimo dun banco e as mulleres poden comezar pequenos negocios ou cubrir as súas necesidades básicas. Ademais, os esforzos do grupo dunha das aldeas conseguiron que os servizos sanitarios gobernamentais se restituísen e que se instalasen algúns pozos tamén como servizos gobernamentais. Finalmente cómpre salientar que co proxecto IND puido dotar a REDS, a organización local, cun ordenador con impresora e conexión a internet para mellora-los informes, almacenamento de datos e o funcionamento administrativo do proxecto.

Sen dúbida o paso máis importante para o traballo en cooperación de IND na India foi o dado neste ano coa creación de IND-India, unha organización local cos mesmos obxectivos e fins ca IND e que nun futuro esperamos que funcione independentemente para xestiona-los seus propios proxectos. Na actualidade IND-India encárgase da supervisión dos proxectos de IND e da identificación de novas zonas de traballo. A creación desta organización irmá fíxose co apoio técnico da presidenta de IND, María Reimóndez Meilán, que visitou o país en agosto de 2002.

Na visita da representante de IND, esta tivo oportunidade de comprobar por si mesma o estado da comunidade de Tiruchy, cidade onde IND mantivo un proxecto ata o ano 2001. Os suburbios onde estivera funcionando o proxecto demostraron unhas condicións de mellora considerables. Sen embargo, aínda parecen necesarios algúns esforzos máis sobre todo no campo de xeración de emprego, sobre todo agora que se demostra que mesmo despois de oito meses sen funcionamento de proxecto ningún os grupos de aforro seguiron funcionando con regularidade e as mulleres sacaron adiante iniciativas propias como levar a cabo campañas de prevención da SIDA organizadas por elas mesmas. IND decidiu considerar unha nova proposta máis avanzada para reforzar e amplia-lo traballo comezado en Tiruchy en anos futuros.

A representante de IND tamén visitou as aldeas do proxecto actual en Anantapura e tivo a oportunidade de comprobar por si mesma os avances do programa, mesmo se existen na zona algunhas dificultades de índole estrutural como a seca permanente que ás veces dificultan o traballo polas condicións extremas de pobreza nas que vive a poboación.

O proxecto SIDHUR Anantapura está financiado integramente con fondos de IND e da Xunta de Galicia a través da súa convocatoria pública de proxectos de cooperación ó desenvolvemento.

4. VOLUNTARIADO

No presente ano IND continuou coa súa estratexia de implicación do voluntariado. O feito máis relevante nesta continuidade foi a realización do II Curso de Voluntariado de IND, desta vez en Santiago os días 22, 23 e 24 de outubro. A este curso asistiu un grupo de 5 mozas, alumnas dun máster de cooperación internacional. O curso, que se celebrou no Centro Xuvenil Don Bosco, constou de 3 xornadas e 4 módulos de formación de 3 horas cada un e a súa finalidade principal era crear unha base de voluntariado coa capacitación suficiente para iniciar actividades en Santiago e, finalmente, chegar á creación oficial de unha delegación de IND.

Na formación impartida no curso tratáronse aspectos do mundo das ONG en xeral, da cooperación internacional, e de IND e o seu traballo en particular. Tamén se achegou ás participantes á realidade cotiá da India e das/os beneficiarias/os dos proxectos de desenvolvemento da organización. Todo isto, fíxose principalmente mediante dinámicas de grupo, debates, xogos de rol e, en xeral, actividades que requirisen unha implicación directa e permiten unha interacción entre as voluntarias que impartiron o curso e mais as mozas que participaron nel e, o mesmo tempo resultasen máis divertidos ca unha serie de charlas, xa que cremos que deste modo se asimilan mellor os conceptos.

A continuación incluímo-lo programa do curso:

II CURSO DE VOLUNTARIADO IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

1. OBXECTIVOS DO CURSO

Os obxectivos do II Curso de voluntariado IND son os seguintes:

- Proporcionar ás/ós participantes o transfondo xeral teórico básico sobre a cooperación internacional.
- Presentar ás/ós participantes IND como organización, o seu traballo e as súas características.
- Capacitar ás/ós participantes dunha maneira práctica e xeral nos diferentes tipos de labores de voluntariado que caben en IND, dende a sensibilización ás actividades de recadación pasando polos aspectos administrativos.
- Facilita-la integración das/os participantes nas actividades da organización.

2. DESCRICIÓN DO CURSO

O curso de voluntariado constará de catro módulos, impartidos cada un nunha sesión de

tres horas. Cada un dos módulos terá o seguinte contido:

- Módulo 1 - A cooperación internacional: análise dos conceptos básicos en cooperación internacional, análise da situación en Galicia e reflexión práctica sobre as achegas a este tema e o papel do voluntariado e das ONG.
- Módulo 2 – IND, unha ONG de cooperación ó desenvolvemento: presentación da organización e dos proxectos que leva a cabo na India.
- Módulo 3 – IND en Galicia: sensibilización e recadación: presentación das actividades e transmisión das capacidades para levar a cabo novas iniciativas como voluntariado da organización.
- Módulo 4 – Proxecto de actividade: as/os participantes, por parellas deberán elaborar unha planificación dunha actividade.

O curso complétase coa realización da actividade planificada por cada parella. Estas actividades serán sempre levadas a cabo co apoio das monitoras da organización.

Tódolos módulos terán unha clara orientación práctica na que se utilizarán e impartirán dinámicas.

3. LUGAR E DATAS

O curso celebrarase os días 22, 23 e 24 de outubro de 10.00 a 14.00 horas no centro xuvenil Don Bosco situado en Belvís.

Esta actividade foi un éxito completo, xa que as rapazas que participaron nela amosaron en todo momento unha tremenda implicación e interese por IND, así coma un enorme espírito participativo e moitas ganas de aprender e traballar, o que nos fai ter esperanzas de que a creación de IND Santiago poida ser unha realidade no ano 2003.

Ademais disto, as voluntarias de IND tiveron a oportunidade de participar nos Cursos de Formación organizados pola Concellalía de Participación Cidadá do Concello de Vigo. A tesoureira da organización participou no curso de “Fiscalidade de organizacións non lucrativas”, encadrado dentro do Plano de Formación para ONL 02-03, que está a desenvolver a Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, celebrouse no centro “casco vello” do 17 ó 25 de outubro do 2002.

O curso foi impartido por un profesional da materia que traballa con asociacións. Nel participaron representantes de varias asociacións, que a diferenza de IND, teñen a súa área de actuación na provincia de Pontevedra.

O programa do curso versou, como o seu nome indica, sobre a fiscalidade de ONL, e tratouse de que os participantes sacasen unha idea de qué impostos lles afectan.

Fíxose máis fincapé naqueles impostos que teñen que declarar as pequenas ONL como é o caso de IND, e que son o IVE e o imposto de Sociedades.

Tentouse que o curso fose o máis práctico posible, para o que se realizaron unha serie de suposto prácticos.

Cómpre dicir que o nivel de coñecementos dos participantes no curso tiñamos sobre o tema era practicamente nulo e o tempo de duración do curso, moi limitado tendo en conta a complexidade do tema.

5. XESTIÓN

Durante o presente ano seguiuuse desenvolvemento a estrutura asociativa de IND a través do traballo das Comisións, que funcionaron de maneira coordinada establecendo os obxectivos e actividades para o ano seguinte e desenvolvendo as actividades deste ano de maneira coordinada. Tamén se organizaron xornadas de formación permanente en dúas ocasións, unha no mes de setembro para informar sobre as evolucións dos proxectos. Nesta xornada estiveron presentes un grande número das voluntarias e voluntarios de IND. Igualmente na primeira parte do ano IND realizou unha xornada de formación permanente sobre os mecanismos de xestión e sistema de informes de planificación e avaliación de actividades.

A Xunta Directiva seguíuse encargando da dirección xeral da asociación a través da supervisión do traballo das comisións e dos seus labores estatutarios.

Finalmente, cómpre salientar que un ano máis tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.

6. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolver a súa actividade:

PROPIAS

- cotas de socias/os
- desenvolvemento de actividades
- ventas de material

ALLEAS

- públicas: subvencións oficiais
- privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase no balance que se achega ó final deste documento

7. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu facernos crecer. En tódolos aspectos presentados nesta memoria destaca claramente a colaboración desinteresada de persoas e institucións a través de tempo, medios e servicio. Tódalas actividades que acabamos de recoller non terían sido posible sen elas. Quede patente o noso agradecemento constante ante este compromiso real cos problemas das comunidades polas que todo se fai posible.

Un ano máis tamén cómpre non esquece-lo obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía ós cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedímo-la memoria co afán de crecer e de facer fronte ós novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os.

BALANCE ECONÓMICO

BALANCE DE PERDAS E GANANCIAS	
ANO 2002	
GASTOS	
60000000-Cuotas Coordinadora, cursos	151,5
60000002-Proxecto Anantapurna	11.913,61
60000003-Proxecto Triruchy	601
626-Comisións por servicios bancarios 62600000-servicios bancarios: 311,57 62600001-Gastos devolución de recibos:89,.25	400,82
62900001-Gastos de actividades	817,22
62900002-Gastos de admón.	36,66
TOTAL GASTOS	13.920,81
INGRESOS	
72100000-Cuotas de afiliados	4.488,45
72500000-Subvencións oficiais	17.016,95
72600000-Doazóns e herencias	1.264,73
76900000-Outros ingresos financeiros: (dev. de comisións bancarias)	24,76
TOTAL INGRESOS	22.794,89

*Saldo bancario:9.771,07

ORZAMENTO DEFINITIVO DE GASTOS E INGRESOS

ANO 2002

I. OBTENCIÓN DE RECURSOS

1) FONTES DE FINANCIAMIENTO PROPIAS

-Por cotas de socios 4.488,45 €

TOTAL 4.488,45 €

2) FONTES DE FINANCIAMIENTO ALLEAS

-Públicas: (subvencions)

*Xunta de Galicia : 671 € para desenvolvemento de actividades.

7.365 €. para desenvolvemento do proxecto de Anantapurna

*Concello de Lugo: 2.253,8 €. para desenvolvemento do proxecto de Anantapurna.

*Concello de Vigo: 6.736,15 € para o do proxecto de Anantapurna .

-Privadas:

*Doazons: 964,73 €

*Centro Xuvenil Don Bosco, de Santiago de Compostela:300 €

-Ingresos por devolución de comisións bancarias: 24,76 €

TOTAL 1.289,49 €

TOTAL INGRESOS 22.794,89 €

II. APLICACIÓN DOS RECURSOS

- **PROXECTO DE TIRUCHY**: FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS: 601

- **PROXECTO DE ANANTAPURNA**: FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS : 3.080,67 €

FONTES DE FINANCIAMENTO ALLEAS: 8.832,94 €

- **ACTIVIDADES :** FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS : 146,22 €

FONTES DE FINANCIAMENTO ALLEAS: 671 €

*Noites solidarias:

-Gastos xerais: 483,3 €

-Concerto: 16,53 €

-Recital: 248,37 €

-Obradoiro de henna: 69,02 €

- **GASTOS DE ADMINISTRACIÓN**: 36,66 €.

- **COTA COORDINADORA E CURSOS** : 151,5 €

-Comisións por servizos bancarios: 400,82 €

TOTAL GASTOS 13.920,81 €
--

*Saldo bancario: 9.771,07 €